



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

FRANCISCO JOSÉ FRAGA CIVEIRA, deputado e portavoz provincial do **GRUPO SOCIALISTA** da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN PARA PALIAR OS EFECTOS DA SECA NA PROVINCIA DE OURENSE** en base á seguinte;

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os cambios climatolóxicos que se están a producir dende hai uns anos, posiblemente provocados pola man do ser humano e o seu nulo respecto polo medio ambiente e os ciclos naturais, está a afectar gravemente ós nosos sectores produtivos. Se hai pouco foron as xeadas negras as que afectaron á nosa uva e antes o graíno, agora toca a seca. Se ben xa se padeceu hai uns meses e, por suposto, vimos arrastrando, ano tras ano, secas cada vez máis duradeiras; este ano a situación parece indicar un estado de alarma sen precedentes. Alén diso, o pasado 6 de xuño, dende o Consello Consultivo e Conferencia Sectorial do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (Mapama) xunto coas Comunidades Autónomas xa se acordou a posibilidade de anticipar ata o 70% das axudas da Política Agraria Común (PAC) ós sectores agrícolas e gandeiros afectados pola seca.

Nestes intres Galicia está nunha situación de prealerta por seca, tanto a que se prevé coma a que xa se padeceu nestes últimos meses e que provocan que esteamos menos preparados para a chegada do verán. O mes de abril, sen ir máis lonxe, foi o mes máis seco en 35 anos no noso país. No que respecta a Ourense, a gravidade da situación segue o patrón xeral: nas comarcas de Viana e Valdeorras foi onde menos choveu, ó recollérense valores inferior ós 10 litros. A conca do Sil é a zona máis afectada, segundo afirma o delegado da Aemet en Galicia. As precipitacións na nosa provincia sitúanse nun 40%, por baixo da media histórica. Respecto das reservas hídricas, a alarma esténdese: os embalses da provincia atópanse, a 10 de xuño en valores inferiores ó 61.92%, da súa capacidade máxima, un 26.66% que hai un ano, segundo informa a Confederación Hidrográfica. Ademais, hai que facer notar as diferenzas entre os grandes embalses dedicados á produción e os que se dedican exclusivamente ó abastecemento, minoritarios no caso de Ourense, sendo o de Cachamuíña o máis cercano. Pola súa banda, os ríos de toda a conca Miño-Sil rexistraron, en maio, un 37.3% menos de caudal circulante que no promedio histórico.

Ata o de agora, Galicia e polo tanto Ourense, acumula seis meses en situación de prealerta por seca. Aínda que non se produciu un período de ausencia de choiva coma o que tivo lugar entre o 2011 e 2012, cando botamos 14 meses sen ver unha pinga, a situación leva camiño de ocasionar graves problemas no abastecemento. Daquelas xa se produciron tales problemas e chegouse ó extremo das restricións e de non dar abasto nas grandes cidades. No que respecta ó índice de precipitacións estandarizado, cómpre dicir que quedou por baixo do -1 no pasado decembro, polo que se pode aseverar que o caso xa é severo.

No tocante ó papel das administracións ante esta seca, é indicativo que a Consellería de Medio Ambiente xa lle sinalara ós concellos da demarcación Galicia-Costa que levasen a cabo medidas



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

para conter o consumo de auga. Pola súa parte, ademais, comezaron os movementos de varios concellos ourensáns para paliar unha seca que se nos bota enriba. A Mancomunidade de A Rúa-Petín xa solicitou permiso á Confederación, que lle foi outorgado de xeito provisional, para montar dúas bombas no embalse de San Fiz. A veciñanza desa zona non está soamente preocupada polos cultivos, despois dun inverno sen neves, senón polos máis que probables problemas para se abasteceren para o consumo propio. Por non dicir que nesta altura do ano xa son varios os concellos que sacaron bandos nos que anuncian restricións de uso e solicitan contención no consumo ó tempo que noutros xa comezaron proxectos para novas captacións que aseguren o abastecemento. A Fegamp, pola súa banda, vén de solicitarlle á Xunta, a través dunha xuntanza con Augas de Galicia, unha liña de axudas destinadas ós concellos coa fin de que se subvencionen obras dirixidas a buscar novos mananciais ou resolver os problemas de abastecemento que poidan ter algunhas localidades. Dende diversos ámbitos están a facerse chamamentos para un consumo controlado e ó estarmos en situación de prealerta, xa se está actuando tarde para o que pode supor este vindeiro verán.

Polo exposto, o Grupo Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO:**

1. Esixir da Xunta de Galicia a habilitación inmediata dunha liña de axudas destinada a subvencionar as obras dirixidas á procura de solucións para o abastecemento
2. Instar á Consellería do Medio Rural a que analice a situación do agro e da gandería ourensá co obxectivo de anticipar medidas que palien os efectos da seca nestes sectores produtivos.
3. Por en marcha de xeito inmediato un grupo de traballo cos concellos das zonas afectadas que avalíe a adopción urxente de medidas para asegurar o abastecemento nestes municipios.
4. Habilitar unha liña de axudas provincial para os concellos que precisen desenvolver proxectos e/ou teñan proxectos de obras de abastecemento xa autorizadas

En Ourense, 14 de xuño de 2017

Asdo. O Portavoz

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE